

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE DA PROVINCIA DE OURENSE, NO MARCO DO PROGRAMA CHEGOU, PARA O EXERCICIO 2026

A Xunta de Goberno de esta Deputación acordou en sesión ordinaria que tivo lugar o día 2 de marzo de 2026, aprobar as bases reguladoras do concurso público para a concesión de subvencións para o fomento da natalidade da provincia de Ourense, no marco do Programa ChegOU, para o exercicio 2026, con suxeición ás seguintes cláusulas:

Primeira. Obxecto da subvención

Constitúe o obxecto destas bases a regulación das axudas que a Deputación de Ourense, a través da Área de Benestar, lle outorgará, mediante concorrencia non competitiva, á persoa que durante o ano 2026 teña un fillo ou filla, teña constituída a tutela ou adopción dun neno ou nena, a través do procedemento previsto nos artigos 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 8 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 260, do 12 de novembro de 2015).

Segunda. Beneficiarios/as

Poderá ser beneficiario/a destas axudas:

1. Calquera dos proxenitores dunha menor nacida/o en España entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro de 2026.
2. A persoa adoptante dun/dunha menor, sempre que a constitución da adopción teña lugar en España entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro de 2026.
3. O/a titor/a dun/unha menor, sempre que a constitución da tutela se teña lugar en España entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro de 2026.

En todos os casos é preciso cumprir as seguintes condicións:

A) A persoa solicitante ten que figurar empadroada nalgún concello da provincia de Ourense á data da solicitude e, ademais esta inscrición ten que cumprir algunha das seguintes condicións:

A.1 Que a inscrición nalgún concello da provincia de Ourense teña unha antelación de, cando menos 1 mes antes de publicación do extracto das bases desta convocatoria.

A.2 Que a inscrición nalgún concello da provincia de Ourense teña unha antelación de, cando menos, 6 meses anteriores a data de nacemento do/a menor que concede o dereito a esta axuda.

B) En caso de que a persoa solicitante sexa estranxeira, terán que cumprir, ademais, o establecido na LO 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos/as estranxeiros/as en España e a súa integración social.

Cada nena ou neno nacido/a, tutelado/a ou adoptado/a dará dereito a unha única subvención a favor do/a solicitante: proxenitor/a, adoptante ou titor.



Terceira. Dispoñibilidade orzamentaria

Para o financiamento das subvencións obxecto desta convocatoria existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 23111 48909, ata un máximo de 400.000 € (catrocentos mil euros). Periodicamente, a Área de Benestar da Deputación de Ourense realizará un balance orzamentario do desenvolvemento de programa.

Este crédito poderá ser ampliado cando o aumento veña derivado dalgún dos supostos previstos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O incremento de crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade deste como consecuencia das circunstancias sinaladas no antedito artigo.

Cuarta. Contía

As contías ás que terán dereito as persoas solicitantes serán as que resulten da consideración dos apartados seguintes.

A) Segundo o concello de empadramento da/o solicitante.

As contías recollidas neste apartado dependerán do “grao do reto demográfico” que teña sinalado o concello no que están empadroados a persoa solicitante, segundo se recolle no Anexo I desta convocatoria.

As contías serán as seguintes:

- Para concellos de grao 0 (sen prioridade), e grao 1 : 300,00 € (trescentos euros).
- Para concellos de grao 2 e grao 3: 500,00 € (cincocentos euros).

B) Segundo a condición de persoa con discapacidade da/o solicitante ou do/a menor que xere o dereito á subvención.

En caso de que a persoa solicitante, ou ben a/o menor que xera o dereito a esta axuda, teñen unha discapacidade igual ou superior ao 33%, terán dereito a que se incremente a contía, nos seguintes límites:

- Concellos grao 0 (sen prioridade) ou grao 1 + discapacidade acreditada : 750,00 €.
- Concellos grao 2 e grao 3 + discapacidade acreditada: 1.000,00 €

C) Segundo a condición de familia numerosa: Aqueles/as solicitantes teñan, ou adquiran a través do/a menor que xera o dereito a esta axuda, condición de familia numerosa, segundo o previsto na Lei de protección das familias numerosas, (Lei 40/2003, do 18 de novembro), e as súas posteriores modificacións (Lei 40/2007, do 4 de decembro, e Lei 26/2015, do 28 de xullo,) terán dereito a un incremento de 250,00 € na axuda a natalidade dependendo dos criterios que cumpran nos apartados previos.

Empadramento concellos grao 0 ou 1; 300, 00 € + 250,00 € = 550,00 €

Empadramento concellos grao 2 ou 3; 500, 00 € + 250,00 € = 750,00 €

Empadramento concellos grao 0 ou 1, discapacidade igual ou superior o 33%; 750, 00 € + 250,00 € = 1.000,00 €.



Empadramento concellos grado 2 ou 3, discapacidade igual ou superior o 33%; 1.000, 00 € + 250,00 € = 1.250,00 €.

Quinta. Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación

1.As solicitudes poderanse presentar desde o día seguinte á publicación destas bases e ata o 31 de decembro de 2026. No caso de que o nacemento do/a menor ou constitución da adopción ou tutela que motiva a solicitude tivera lugar entre o 1 e o 31 de decembro de 2026, o prazo de solicitude rematará o día 15 de xaneiro do ano 2027.

2.As solicitudes deberanse presentar telematicamente, utilizando a plataforma “ChegOU” a través da web da Deputación de Ourense <http://www.depourense.gal>, e rexistraranse no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Ourense.

O emprego de medios electrónicos para a formulación da solicitude terá carácter obrigatorio, ao abeiro do establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e o artigo 7.2 da vixente Ordenanza de acceso electrónico aos servizos provinciais da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 260, do 05.10.2021), ao estar plenamente garantido o acceso e dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos conforme co establecido nos parágrafos seguintes, polo que non se admitirá a trámite ningunha solicitude que se formule por outros medios, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Para a presentación da solicitude terá que utilizarse o formulario normalizado que estará accesible no enderezo indicado.

Para a presentación de solicitudes, poderase realizar:

- 1) Con certificado electrónico.
- 2) Sen certificado electrónico.

Farase da forma seguinte:

a. Con certificado electrónico. Admitirase a presentación a través de calquera dos certificados válidos habilitados por esta Deputación.

b. Sen certificado electrónico. No caso de que a persoa interesada non dispoña de certificado electrónico, poderase utilizar algún dos seguintes medios:

- Identificación dixital por voz

A persoa interesada deberá solicitar unha cita na Deputación de Ourense a través dunha chamada telefónica ao 988 317 766. A través desta chamada concertará unha día e hora para asinar a solicitude a través da súa voz: sinatura biométrica vogal que quedará engadida á solicitude para poder rexistrarse dixitalmente por un/unha funcionario/a habilitado.

- Presencialmente

Directamente nas oficinas da Área de Benestar da Deputación de Ourense. De conformidade co previsto no artigo 12 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 5.7 da Ordenanza reguladora do acceso electrónico aos servizos provinciais da DPO e dos seus entes dependentes e adscritos, se algunha persoa interesada non dispón dos me-



dios electrónicos necesarios, a súa identificación ou sinatura electrónica no procedemento administrativo poderá ser validamente realizada por un/unha funcionario/a público/a provincial habilitado/a, mediante o uso do sistema de sinatura electrónica do que estea dotado para iso. Neste caso, será necesario que a persoa interesada non estea obrigada a relacionarse electronicamente coa DPO, que careza dos medios electrónicos necesarios se identifique ante o/a funcionario/a e preste o seu consentimento expreso para esta actuación, do que deberá quedar constancia para os casos de discrepancia ou litixio.

Para os efectos da tramitación de solicitudes ao abeiro destas bases terán a consideración de funcionarios/as públicos/as provinciais habilitados/as os seguintes:

- Área Benestar . Técnica da Área de Benestar, DNI ***5240**
- Área de Benestar. Técnico da Área de Benestar, DNI ***5747**
- Área de Benestar. Técnica da Área de Benestar, DNI ***5090**

2. Outros Rexistros Validos. Poderán presentala tamén a través do Sistema ORVE. Neste caso as persoas interesadas cubrirán a súa solicitude a través da plataforma informática e, unha vez cuberta, terán que imprimila e levala ante calquera das oficina de Correos de España e pedir que envíen o orixinal polo SISTEMA ORVE ao rexistro da Deputación de Ourense, ou ante calquera dos outros rexistros válidos recollidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Xunto co formulario de solicitude, o/a interesado/a, en atención ao previsto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, deberán achegar:

- a. Unha copia do DNI, ou documento identificativo, no caso de non autorizar a súa consulta.
- b. Unha copia do certificado de empadramento do/a solicitante, só no caso de non autorizar a consulta.
- c. Copia do rexistro civil onde conste inscrito o/a menor a efectos da comprobación da súa filiación, no caso de non autorizar a consulta
- d. Unha copia da resolución xudicial ou administrativa que constituía a adopción ou tutela.
- e. Unha copia da condición de familia numerosa: Carne Familiar da persoa solicitante en vigor.
- f. Unha copia da condición acreditativa de discapacidade igual ou superior o 33 % do solicitante ou recen nacido de ser o caso.
- g. Unha declaración responsable de non estar incurso/a nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituíndo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Se tales documentos foron achegados polo/a interesado/a ante calquera administración, deberá indicar en que momento e ante que administración os presentou, para poder obtelos electronicamente.



mente a través das redes corporativas, consultando as plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para tal fin.

En todo caso, se por razóns técnicas e/ou informáticas non puidera ser posible a comprobación dalgún dos requisitos da persoa solicitante, a Deputación poderá solicitarlle que achegue a documentación probatoria, que será dixitalizada para ser incorporada ao expediente electrónico da solicitude.

Os datos referidos ao nome, apelidos e número de teléfono móbil seranlle comunicados, no momento da concesión da subvención, á entidade financeira colaboradora, para que poida emitir a tarxeta electrónica coa contía da subvención, e tratalos, para emitir, estampar e gravar a tarxeta e cantos procesos e operacións poidan ser precisos para a activación e xestión.

3. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, as persoas interesadas poderán dirixirse á Área de Benestar da Deputación Provincial, que lles prestará a asistencia precisa, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres. Esta posibilidade estará dispoñible ata as 14.00 horas do último día hábil do prazo de solicitude.

Sexta. Xestión de solicitudes e concesión de subvencións

A Área de Benestar da Deputación de Ourense xestionará as solicitudes presentadas, concedéndose automaticamente as subvencións conforme co previsto nestas bases.

A xestión electrónica das solicitudes realizarase, como máximo, cada sete días e referirase a todas as solicitudes presentadas entre as 00.01 horas do xoves anterior ao da valoración ata as 12.00 horas do mércores, previo ao xoves de valoración, salvo aquelas solicitudes nas que por algunha causa fose imposible comprobar os requisitos de forma automática e fose preciso requirirille á persoa solicitante para presentar algunha documentación. O sistema determinará a cualificación como “conforme coa axuda á natalidade Deputación” ou “excluída”, en atención a que se cumpran os requisitos de acceso esixibles para ter dereito a ela ou non. Logo da comprobación conforme coas características de acceso, incluíranse na resolución semanal posterior á comprobación.

As solicitudes que sexan conformes integrarán unha lista ordenada, na que se incluírán todas as que foron obxecto de xestión conforme nesa semana, quedando automaticamente concedidas as subvencións correspondentes. Paralelamente remitiráselle á entidade financeira colaboradora unha lista ordenada de solicitudes concedidas, para que procedan a emitir e remitir as tarxetas electrónicas.

A lista non será obxecto de notificación individual, que será substituída pola súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial, ao abeiro do establecido na Lei do procedemento administrativo, e no enderezo electrónico <http://www.depourense.gal>

Sétima. Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, ao ser a



achega dos datos e informacións esixida nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión da persoa interesada do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) A responsabilidade do tratamento dos datos é da Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, Luis Menor Pérez, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa do Progreso, n.º 32, 32003 Ourense, teléfono de contacto 988 317 600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.gal

b) Os datos do delegado de protección de datos son: domicilio, para os efectos de notificacións: rúa do Progreso, n.º 32, 32003 Ourense e correo electrónico: dpo@depourense.gal

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiaria, para a valoración da súa solicitude e para a emisión das correspondentes tarxetas ChegOU. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial:

www.depourense.gal

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude das persoas interesadas, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparanse a disposición doutras persoas interesadas no procedemento para os únicos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para satisfacer a finalidade de interese público perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).



e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos ao deber de reserva salvo os referidos ao nome, apelidos e número de teléfono móbil que lle serán comunicados, no momento da concesión da subvención, á entidade financeira colaboradora, para que poida emitir a tarxeta electrónica coa contía da subvención, e tratalos, para emitir, estampar e gravar a tarxeta e cantos procesos e operacións poidan ser precisos para a activación e xestión.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.

- A membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, tras o previo expediente contradictorio con audiencia da persoa interesada titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) As persoas interesadas poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nestas bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante un escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, as/os interesadas/os poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos/as beneficiarios/as, dará lugar á súa exclusión do procedemento.



k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Oitava. Tarxeta electrónica da Deputación

As persoas que resulten beneficiarias da subvención e figuren na resolución semanal recibirán, no enderezo sinalado na solicitude, a súa tarxeta electrónica, tarxeta “ChegOU”.

Esta tarxeta poderá emitirse de xeito nominativo ou automatizado. No caso das tarxetas automatizadas poderán ser emitidas e entregadas no momento de realizar a solicitude de xeito presencial e sempre que identifiquen a súa situación de vulnerabilidade ante os técnicos da Área de Benestar.

A situación de vulnerabilidade será identificada a través do cuestionario de vulnerabilidade normalizado que poderá cubrirse e asinarse no intre da tramitación presencial .

O funcionamento da Tarxeta ChegOU é o que segue:

O/a beneficiario/a deberá activar a súa tarxeta seguindo as instrucións que se facilitarán desde a Deputación de Ourense, e só poderá usala en:

- Farmacias e para-farmacias para a adquisición de produtos hixiénicos, alimentarios e/ou de saúde.

- Ópticas, centros de audición, ortopedias para a adquisición de produtos específicos relacionados coa situación vital do solicitante, que fagan mais sinxela, a crianza e coidado dos recen nados,

Queda excluído o uso online e directamente en caixeiros automáticos ou mesmo na entidade financeira.

O prazo durante o que estará activa a tarxeta para efectuar gasto será ata o 31 de maio do ano 2027.

Novena. Gastos subvencionables

As subvencións terán como finalidade adquirir produtos hixiénicos, alimentarios e/ou de saúde para o recen nacido e/ou de saúde, relacionados coa situación vital do solicitante, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

1. Que sexan realizados en data posterior á do nacemento/adopción do/a neno/a que motiva a subvención e ata o 31 de maio de 2027.

2. Que conste como executora do gasto a persoa beneficiaria da subvención.

Décima- Xustificación da subvención e pago de subvencións

En atención ao previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda vez que a concesión da subvención está motivada pola concorrencia no/a solicitante-beneficiario/a da circunstancia acreditada de ser proxenitor/a dun/unha neno/a nacido/a durante o ano 2026, titor/a ou pai/nai dun/unha menor adoptado/a durante o ano 2026, non se requirirá outra xustificación que a comprobación xa realizada da situación que motiva a concesión da subvención, isto sen prexuízo dos controis que se establezan para controlar a aplicación do gasto segundo o procedemento descrito.



Por solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

Aquelas contías económicas non utilizadas unha vez finalizado o prazo máximo previsto nestas bases serán automaticamente reintegradas á Deputación de Ourense, sen que se poida derivar ningún dereito para aquela persoa beneficiaria que non fixese uso da totalidade do crédito inicialmente concedido.

Décimo primeira. Compatibilidade

A percepción desta axuda será compatible con calquera outra axuda concedida polo Estado, pola Comunidade Autónoma de Galicia ou por calquera outra administración.

Décimo segunda. Normativa supletoria

En todo o non disposto nestas bases seralles de aplicación á convocatoria e ás subvencións que se conceden ao seu abeiro, o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os seus regulamentos de desenvolvemento no que sexa de aplicación á Administración local, así como a lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo.

ANEXO I

CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO E CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

A FEMP elaborou, en abril de 2017, o “Documento de acción da Comisión de despoboamento: listaxe de medidas de loita contra este fenómeno demográfico”, recolléndose neste documento, nas súas consideracións previas, que “a regresión demográfica converteuse nun problema de Estado e como tal ten que respondérselle desde unha perspectiva de gobernanza multinivel que, na práctica, comporta a implicación de todas as administracións públicas en todas as súas fronteiras de acción”.

O citado documento enumera as “catro figuras” que poden explicar os desafíos demográficos aos que hai que enfrontarse multidimensional e multiescalarmente:

A baixa densidade,

O envellecemento,

A caída da natalidade e

A perda continuada da poboación.

Desde a FEMP propónse unha rigorosa formulación de medidas prácticas que incorporen a loita contra o despoboamento como un principio para ter en conta en todos os plans e liñas de acción das administracións públicas.

A “Comisión de despoboamento” da FEMP, que desde a súa constitución en 2016 vén reclamando a adopción dunha Estratexia Nacional contra o despoboamento, pide que se reforce o papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, como entidades de referencia e liderado nas





políticas de sostemento e atención á poboación rural, intensificando a orientación das políticas das deputacións cara á corrección de desequilibrios demográficos no seu ámbito territorial, mediante a garantía dos servizos públicos de competencia local e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endógeno.

Seguindo esta formulación, a Deputación Provincial de Ourense ten creado dentro da súa estrutura política a Área de Reto Demográfico, Igualdade e Políticas Sociais, e dentro da súa organización administrativa a Área de Benestar, coas funcións de impulso e execución das políticas provinciais nos referidos eidos, respectivamente.

Deste xeito, desde o exercicio 2019, por estas áreas vense establecendo unha clasificación dos concellos de Ourense, en aplicación aos criterios de reto demográfico que neste documento se recollen, coa finalidade de que os mesmos sexan aplicados a todos os programas de cooperación coas entidades locais da provincia e bases reguladoras de subvencións que as referidas áreas promovan durante o exercicio 2025.

1. DATOS OFICIAIS EMPREGADOS

Para garantir o estrito cumprimento dos principios de obxectividade e transparencia, a continuación indícanse os rexistros oficiais que se empregan para a aplicación da perspectiva do reto demográfico e a clasificación dos concellos nos graos que se indicarán.

DATO	REXISTRO OFICIAL	ENLACE	DATA
Inclusión nunha área urbana	Atlas estatístico das áreas urbanas de España do ministerio do Interior	https://publicaciones.transportes.gob.es/downloadcustom/sample/3681	Decembro de 2024
Poboación oficial	INE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Publicado:11/12/2025
Variación da poboación (2014-2024)	INE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Publicado:11/12/2025. Elaboración propia a partir dos datos oficiais del INE
Superficie do termo municipal	IGE	http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idiot=es&paxina=000&c=-1&ruta=verEjesApi.jsp?COD=77&M=&S=&RET=	2011
Densidade de poboación	INE/IGE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Poboación INE 2024- Superficie IGE 2011. Elaboración propia calculada cos datos do INE para poboación e do IGE para superficie





Índice de envellecemento	INE/IGE	https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?CO-D=5310&p	Elaboración Propia con datos de Poboación de 2022 (publicados o 11/12/2025, que son os dispoñibles segmentados por idade e por concello)
Taxa de natalidade	IGE	http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?CO-D=227&paxina=001&c=0201002001	Elaboración Propia con datos de nacementos segundo sexo por concellos anos 2021-2022-2023 e 2024 que son os definitivos a 01-01-2025

2. CLASIFICACIÓN INICIAL DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

a) Clasificación Primaria dos Concellos da Provincia de Ourense.

1. Sen Prioridade Demográfica: estarán incluídos dentro desta clasificación aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Estar incluídos nunha área urbana, en aplicación ao “atlas estatístico das áreas urbanas de España: Áreas Urbanas de España 2025” publicada polo anteriormente chamado Ministerio de Fomento, actualmente Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

- Ter máis de 10.000 habitantes.

- Ter entre 5.000 e 10.000 habitantes, e gañar poboación na última década

2. Con Prioridade Demográfica: Estarán incluídos dentro desta clasificación os concellos non incluídos nunha área urbana en aplicación ao atlas estatístico e nos que concorran ademais, algunha das seguintes características:

- Ter unha poboación menor ou igual a 5.000 habitantes.

- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que perderan poboación na última década.

b) Clasificación Secundaria dos Concellos da Provincia de Ourense

Aqueles concellos que, na clasificación primaria sexan considerados “con prioridade demográfica”, obterán un GRAO. Os grados son: Grao 1, Grao 2 e Grao 3, onde o Grao 1 será o de menor intensidade e o Grao 3 o de maior intensidade.

Os concellos incluídos na clasificación “sen prioridade demográfica”, obterán un Grao 0.

3. APLICACIÓN DOS CRITERIOS PARA DETERMINAR A “PRIORIDADE DEMOGRÁFICA” DOS CONCELLOS.

Os criterios que se teñen en conta para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos da provincia, son os seguintes:

1. Poboación

Os concellos clasificaranse en:

- Ata 1.000 habitantes.



- De 1001 a 5.000 habitantes.
- De 5001 a 10.000 habitantes.
- De 10.001 a 20.000 habitantes.

Para determinar a poboación para os efectos da convocatoria tívose en conta a cifra oficial de poboación INE do ano 2025.

2. Situación xeográfica

Establécese unha diferenza entre:

Concellos pertencentes a “áreas urbanas” do atlas estatístico das áreas urbanas. Concellos que non pertencen a unha “área urbana” do atlas estatístico das áreas urbanas.

3. Perda da poboación

Diferéncianse entre:

- a. Concellos que gañaron poboación na década 2014-2024.
- b. Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na década 2014-2024.
- c. Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na década 2014-2024
- d. Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación última década 2014-2024.
- e. Concello que perderon un 20% ou máis de poboación na década 2014-2024

4. Densidade demográfica municipal

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados.

En atención a este criterio a clasificación será:

- a. Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km².
 - b. Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km² e menor a 15 habitantes/km².
 - c. Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km² e menor a 20 habitantes/km²
 - d. Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km²
- ## 5. Índice de envellecemento

Para o cálculo deste índice tense en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo cifras de poboación publicadas polo INE e referidas ao ano 2022¹-, e as persoas menores de 15 anos, e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice.

Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- Concellos cuxo índice sexa superior a 750.
- Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.

¹ Trátase dos últimos definitivos publicados polo INE segmentados por idades e concellos á data de redacción deste documento.



- Concellos cuxo índice sexa inferior a 600.

6. Taxa de natalidade

Esta taxa obterase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1.000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos segundo os datos publicados polo IGE e referidos aos anos 2022,2023,2024², en atención ao que os concellos clasificaranse en:

-Taxa inferior a 2.

-Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3.

-Taxa igual ou superior a 3.

4. CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS: SEN / CON PRIORIDADE DEMOGRÁFICA E GRAO 0 / 1 / 2 / 3.

Ao aplicar os criterios indicados nos apartados anteriores, os concellos obterán unha das dúas posibles clasificacións:

1. Sen prioridade demográfica

Serán considerados “concellos sen prioridade demográfica”, aqueles incluídos nunha “área urbana”, en aplicación ao Atlas Estatísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran, algunha das seguintes condicións:

a. Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.

b. Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

2. Con prioridade demográfica

Aqueles concellos non clasificados como “sen prioridade demográfica” serán considerados como “con prioridade demográfica”, e, serán os que obteñan a clasificación en GRAO en aplicación aos criterios seguintes:

GRAO 1

Serán considerados como GRAO 1 aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

a. Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.

b. Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de “prioridade demográfica”, automaticamente considéraselle en GRAO 1.

Para ser clasificado de Grao 2 ou de Grao 3, terán, ademais de ser considerados “con prioridade demográfica”, ou grao 1, cumprir as condicións do Grao 2, ou do Grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en mais dun grao, consideraráselle sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

² Trátase del últimos datos definitivos publicados polo IGE neste concepto segmentados por idades e concellos.





GRAO 2

Concellos con prioridade demográfica, que ademais cumpre algunha das seguintes realidades:

- a. Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdese entre un 15% e un 20% da súa poboación.
- b. Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km2 e inferior a 15 habitantes/km2
- c. Concellos de menos de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- d. Concellos de menos de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.
- e. Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.
- f. Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km2
- g. Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- h. Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

GRAO 3

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpre algunha das circunstancias seguintes:

- a) Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2014-2024 maior ao 20%
- b) Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km2.
- c) Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2014-2024 maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais cúmprese algunha das seguintes características:
 - T eñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ou
 - Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

5. TÁBOA DE CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE EN FUNCIÓN DOS CRITERIOS DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO

	CONCELLO	CLASIFICACIÓN PRIORIDADE DEMOGRÁFICA
1	Allariz	Sen prioridade
2	Amoeiro	Grao 1
3	Arnoia, A	Grao 1
4	Avión	Grao 2
5	Baltar	Grao 3
6	Bande	Grao 2
7	Baños de Molgas	Grao 2
8	Barbadás	Sen prioridade



9	Barco de Valdeorras, O	Grao 1
10	Beade	Grao 3
11	Beariz	Grao 3
12	Blancos, Os	Grao 3
13	Boborás	Grao 2
14	Bola, A	Grao 2
15	Bolo, O	Grao 3
16	Calvos de Randín	Grao 3
17	Carballeda de Avia	Grao 2
18	Carballeda de Valdeorras	Grao 1
19	Carballiño, O	Grao 1
20	Cartelle	Grao 2
21	Castrelo de Miño	Grao 2
22	Castrelo do Val	Grao 3
23	Castro Caldelas	Grao 2
24	Celanova	Sen prioridade
25	Cenlle	Grao 1
26	Chandrexa de Queixa	Grao 3
27	Coles	Grao 1
28	Cortegada	Grao 2
29	Cualedro	Grao 2
30	Entrimo	Grao 2
31	Esgos	Grao 1
32	Gomesende	Grao 3
33	Gudiña, A	Grao 1
34	Irixo, O	Grao 2
35	Larouco	Grao 3
36	Laza	Grao 2
37	Leiro	Grao 2
38	Lobeira	Grao 2
39	Lobios	Grao 2
40	Maceda	Grao 1
41	Manzaneda	Grao 3
42	Maside	Grao 1
43	Melón	Grao 2
44	Merca, A	Grao 1
45	Mezquita, A	Grao 2
46	Montederramo	Grao 3
47	Monterrei	Grao 2
48	Muíños	Grao 2
49	Nogueira de Ramuín	Grao 1
50	Oímbra	Grao 1



51	Ourense	Grao 1
52	Paderne de Allariz	Grao 1
53	Padrenda	Grao 2
54	Parada de Sil	Grao 3
55	Pereiro de Aguiar, O	Sen prioridade
56	Peroxa, A	Grao 1
57	Petín	Grao 2
58	Piñor	Grao 1
59	Pobra de Trives, A	Grao 1
60	Pontedeva	Grao 3
61	Porqueira	Grao 3
62	Punxín	Grao 1
63	Quintela de Leirado	Grao 3
64	Rairiz de Veiga	Grao 2
65	Ramirás	Grao 2
66	Ribadavia	Grao 1
67	Riós	Grao 2
68	Rúa, A	Grao 1
69	Rubiá	Grao 2
70	San Amaro	Grao 1
71	San Cibrao das Viñas	Sen prioridade
72	San Cristovo de Cea	Grao 2
73	San Xoán de Río	Grao 3
74	Sandiás	Grao 1
75	Sarreaus	Grao 2
76	Taboadela	Grao 1
77	Teixeira, A	Grao 2
78	Toén	Grao 1
79	Trasmiras	Grao 2
80	Veiga, A	Grao 3
81	Verea	Grao 2
82	Verín	Grao 1
83	Viana do Bolo	Grao 2
84	Vilamarín	Grao 1
85	Vilamartín de Valdeorras	Grao 2
86	Vilar de Barrio	Grao 2
87	Vilar de Santos	Grao 2
88	Vilardevós	Grao 2
89	Vilariño de Conso	Grao 3
90	Xinzo de Limia	Grao 1
91	Xunqueira de Ambía	Grao 1
92	Xunqueira de Espadanedo	Grao 3



Publícase isto, e advírtese que contra este acordo se poden interpoñer os seguintes recursos:

En caso de particulares, pódese interpoñer, potestativamente, un recurso de reposición ante a Xunta de Goberno desta Deputación, no prazo de un mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, sen que se poidan compaxinar ambos os recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

No caso de administracións públicas, pódese interpoñer un recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense. Ademais, ao abeiro do disposto no artigo 44 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá formularse un requirimento de anulación ou revogación do acto, no prazo de 2 meses con carácter previo ao exercicio de accións en vía contenciosa. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, tendo en conta que o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo, -no caso de que se formule o requirimento previo-, contará desde o día seguinte a aquel no que se reciba comunicación do acordo expreso sobre o dito requirimento ou se entenda presuntamente rexeitado. Non obstante o anterior, poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime pertinente.

Ourense, 3 de marzo de 2026. O presidente.

Asdo.: Luis Menor Pérez.

R. 472

